

MARTÍNEZ QUINTANAR, Miguel Ángel: *Ser expósito. Formas do humano nas sociedades avanzadas*, Espiral Maior, col. Ensaio, A Coruña, 2015, 232p.

Nas páxinas deste alegado ensaio filosófico, Miguel Ángel Martínez Quintanar acomete a tarefa de reflexionar sobre a condición do humano nas sociedades occidentais contemporáneas. Segundo o propio autor, no “Limiar: testemuño dun calquera” (pp. 21-24), o ensaio filosófico é o lugar e o modo de enunciación adecuados para encarar o pensamento e a acción no século XXI. O resultado é unha indagación filosófica levada a feito desde unha posición enunciativa orixinal: a escrita emprega unha primeira persoa do singular que non pretende ser autobiográfica, mais a encarnación, contradictoria e paradoxal, dos conceptos que sobrevoan na “noosfera” actual. Esta pesquisa abarca 36 capítulos, agrupados en seis partes. Neles, trátase de extraer, arranxar e experimentar as potencialidades de denuncia (crítica), interpretación (hermenéutica) e proposta (práctica), doutros tantos conceptos filosóficos procedentes de filósofos e filósofas tan diversos como E. M. Cioran, María Zambrano, Ramón Piñeiro, Martin Heidegger, Zygmunt Bauman, Jacques Derrida, Hans Blumenberg, Celestino Fernández de la Vega, Rafael Dieste, Gilles Deleuze, Georges Bataille, Giorgio Agamben, Alain Badiou, Jacques Rancière, Ludwig Wittgenstein, entre outros.

Na primeira parte. “Testemuño” (pp. 25-42), Martínez Quintanar presenta o primeiro saber, o encontro inicial coa condición do ser humano actual nas súas ambigüidades, paradoxos e contradicións. Catro son os conceptos explorados: mortal, abandonado, sentinte, expósito. Eis o protagonista: o ser expósito.

Na segunda, “Figuras” (pp. 43-70), rastrexanse algunhas individuacións actuais do ser expósito: adulto, precario, pobre, vello, roto, indignado. En

---

Recibido: 10/05/2015. Aceptado: 12/05/2015.

todas, dáse un vaivén entre “estar simplemente exposto” e “ser expósito”, materializado nos progresos (fráxiles éxitos) e retrocesos (fracasos provisionais) no proceso de apoderarse da propia condición. Séguense tamén as pegadas alusivas á existencia dun rexime de impugnación: un rexime non representativo, desconstructivo, non figurativo, unha deriva posíbel no seo da orde (o propio, a lei, a identidade). Xorden así as formas humanas do expropiado, o alega, o anónimo.

En “Contextos” (pp. 71-103), a terceira parte, abórdanse os entornos en que se move o ser expósito. Martínez Quintanar percorre os conceptos de liquidez, oportunismo, desarraigo, ambivalencia, seguridade, paridade e rede. A súa intención é propor unha plataforma teórica e práctica desde a que o ser expósito poida tornarse consciente das situacións en que está arroxado e das cales lle é posíbel saír a través da reflexión e a experiencia: situacións sociais, laborais, afectivas, educativas, sacrificiais, de ruína dos ideais emancipatorios. A seguir, na cuarta parte, “Oscilacións” (pp. 104-127), é a vez de catro figuras que vacilan entre a resistencia crítica (á orde do estado de cousas) e a entrega aos dispositivos (de poder e saber): o experimentador, o autoobservador, o introspectivo, o ocultador. Son formas do humano oscilantes, capaces de lograr o éxito na orde social actual, mais que portan en si potencias inéditas de emancipación.

A “Xeoética” (pp. 128-168), quinta parte, comprende un percorrido por sete conceptos prácticos, operatorios: contemplación, autocontención, caída, xeosabedoría, soberanía, cumio moral, humor. Con eles, Martínez Quintanar tenciona achegar a ética posíbel do ser expósito. A radicación nun lugar de enunciación non reactivo, o *ethos* da non agresión, a autocontención fundamentada no respecto universal á cronodiversidade de todas as especies, a consciencia da multidimensionalidade do tempo, a vertixe moral producida polos paradoxos da historia humana, a serenidade da xeocontemplación, a práctica da soberanía paradoxal, o saber do humorista que recusa calquer autoritarismo, ... e outros trazos conforman a determinación coidadosa, positiva, construtiva e afirmativa de conviver e facelo en democracia. Nunha democracia integral.

Na sexta e última parte, “Democracia” (pp. 169-216), indágase o potencial filosófico-político de varios conceptos: estado de excepción, aparello de captura, xogos da linguaxe, política lingüística, acefalia, distorsión, entre outros. O autor traballa atendendo unha dupla finalidade, crítica e propositiva. Aínda mais, a construción da democracia integral comeza pola crítica: hai que ter en conta o funcionamento das tenaces da dominación do estado posmoderno e o capital posfordista, que operan xuntamente na constitución de subxectividades políticas, linguaxe común, formas de vida,

sentidos do político, en fin, os dispositivos que suxeitan os humanos a unha condición numérica, a un recoñecemento apenas contábel ou, noutro caso, a un descarte. Na tarefa de construír a democracia integral como quefacer común e no común dos seres expósitos, eis agora a face propositiva, habería que, parafraseando ao noso autor, deixar traballar os procesos inmanentes de impugnación da monocefalia e policefalia políticas, xunto cos de denuncia e recusación das rebaixas na igualdade política e redución da xustiza material. O ser expósito é o demócrata que se expón á creación de novas regras de distribución e participa no común das instancias de decisión, dirase un pouco mais adiante, no “Epílogo” (p. 218).

O “Epílogo” (pp. 217-218) e a “Coda para lectores amantes da obxectividade” (pp. 219-222), con que o autor remata a súa pesquisa, inclúen un exercicio de auto-reflexión e un diálogo cos lectores, non faltando nesas páxinas a intención polémica e o recurso á ironía. Parécennos significativas estas palabras conclusivas: “Así, “ser expósito” e “democracia” serán os signos do pensamento e da acción por vir, da sabedoría do porvir, que, talvez, poden limpar o ar de promesas mesiánicas de liberdade e mensaxes agónicas de escravitude, lanzándonos, intempestivamente, ao ceo terrestre da odisea dos libertos” (p. 218).

En suma, estamos ante un ensaio coidado e calculado, ben documentado e cheo de interese, que Miguel Ángel Martínez Quintanar conclúe co rexistro da “bibliografía citada” (pp. 223-227), na cal achamos o repertorio de pensadoras e pensadores con que se dialogou e se teceu esta indagación filosófica, de amplo espectro, sobre “as formas do humano nas sociedades avanzadas”. Un último detalle, tamén significativo: no colofón, na p. 233, indícase que o libro se acabou de imprimir o 22 de abril “data de nacemento de Inmanuel Kant e María Zambrano”.

Luís G. Soto